

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23/07/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **12:00** horas do día **23/07/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 2 de Xullo de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A MARÍA AMPARO MARCOTE SUÁREZ e SOFÍA MARÍA DEL ROSARIO MARCOTE SUÁREZ, para proceder á **Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa** a emprazar nunha Parcela con Referencia Catastral 15038A502009010000DY coa **conexión na rede de saneamento e abastecemento de auga que pasa pola zona**, debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e Modificado do mesmo redactados polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con datas Febreiro e Abril de 2020 respectivamente**, así como ás condicións impostas pola Axencia Galega de Infraestruturas no informe emitido en data 12 de Maio de 2020 que constan no expediente e ademais que:

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.
- No Proxecto de execución incluíranse con detalle as obras sinaladas no anexo de obra urbanizadora, presentando planos de detalle.

Así mesmo, ingresar nas arcas municipais a cantidade de **DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (2.346,25 €)** en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A MARÍA AMPARO MARCOTE SUÁREZ e SOFÍA MARÍA DEL ROSARIO MARCOTE SUÁREZ, para proceder á **Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa (Parcela A)** con Referencia Catastral 15038A502009050000DL coa **conexión na rede de saneamento e abastecemento de auga que pasa pola zona**, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con data Abril de 2020 así como ás condicións impostas pola Axencia Galega de Infraestruturas no informe emitido con data 12 de Maio de 2020 que constan no expediente_e ademais que:

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente

por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

- No Proxecto de execución incluíranse con detalle as obras sinaladas no anexo de obra urbanizadora, presentando planos de detalle.

Así mesmo, ingresar nas arcas municipais a cantidade de DOUS MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (2.183,16 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A MARÍA AMPARO MARCOTE SUÁREZ e SOFÍA MARÍA DEL ROSARIO MARCOTE SUÁREZ, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa (Parcela B) con Referencia Catastral 15038A502009050000DL coa conexión na rede de saneamento e abastecemento de auga que pasa pola zona, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con data Abril de 2020, así como ás condicións impostas pola Axencia Galega de Infraestruturas no informe emitido con data 12 de Maio de 2020 que constan no expediente e ademais que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o

que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

- No Proxecto de execución incluíranse con detalle as obras sinaladas no anexo de obra urbanizadora, presentando planos de detalle.

Así mesmo, ingresar nas arcas municipais a cantidade de DOUS MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (2.183,16 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A MARÍA AMPARO MARCOTE SUÁREZ e SOFÍA MARÍA DEL ROSARIO MARCOTE SUÁREZ, para proceder ás obras de Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa (Parcela C) con Referencia Catastral 15038A502009050000DL coa conexión na rede de saneamento e abastecemento de auga que pasa pola zona, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con data Abril de 2020, así como ás condicións impostas no informe de data 12 de Maio de 2020 emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas que constan no expediente; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- Para o inicio das obras darase cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.
- No Proxecto de execución incluíranse con detalle as obras sinaladas no anexo de obra urbanizadora, presentando planos de detalle.

así mesmo, ingresar nas arcas municipais a cantidade de DOUS MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (2.183,16 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 14/07/2020 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno o 24 de Outubro de 2019 .-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSE ANTONIO FRAGA FERNÁNDEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1169 de 7/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en cor claro nunha vivenda (Referencia Catastral 8219826MH7581N0002FM).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de DAVID LÓPEZ MACÍAS, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 456 de 25/02/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado decorativo da fachada dun establecemento (Referencia Catastral 8612011MH7581S0001DU).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, toda vez que conta coa preceptiva Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 25 de Xuño de 2020 que consta no expediente; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de BERNARDINA DÍAZ MARCOTE, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1209 de 13/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado das fachadas en cor laranxa claro nunha vivenda (Referencia Catastral 8604903MH7580S0001WD) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de dez metros (10) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 16 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SALVITA INSUA TRILLO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1200 de 10/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes na limpeza da cuberta con auga a presión nunha vivenda (Referencia Catastral 8609306MH7580N0001UT) mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de cinco metros (5) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 16 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL CARMEN SANTOS INSUA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1193 de 9/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes na reparación da cuberta existente limpando e pintando na cor actual a tella existente, nunha vivenda (Referencia Catastral 8710214MH7581S0001UU).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de BELA FISTERRA, S.L., con CIF 70482286 e domicilio social na Avenida da Anchoa, 56 deste

Termo Municipal (Rexistro de Entrada 1134 de 3/05/2018) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión do servizo de saneamento e abastecemento municipal que pasa pola zona con destino a unha edificación sita na localidade de Anchoa (Referencia Catastral 8625708MH7582N0001XH),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Xullo de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Axencia Galega de Infraestruturas na Resolución de data 30/06/2020 que consta no expediente; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

B) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ CANOSA SENLLE, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1222 de 14/07/2020) para proceder á realización de obras consistentes na demolición dunha edificación (Referencia Catastral 15038A503010170001FH),

Visto o informe desfavorable emitido o día 14 de Xullo de 2020 polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar ó promotor o preceptivo título habilitante dado que a demolición pretendida é sobre unha edificación de estrutura tradicional que axuda á configuración do rural do núcleo de Buxán, considerándose unha actuación prohibida segundo o Artigo 26 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia debendo preservarse os valores tradicionais, encamiñando as actuacións á rehabilitación, renovación e rexeneración.

C) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 14 de Xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a FRANCISCO SAR FANDIÑO, veciño de Cerdanyola del Vallés (Barcelona) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, emprazada na localidade de Buxán do Termo Municipal de Fisterra con Licenza Urbanística outorgada por esta Xunta en sesión do día 27 de Outubro de 2010 na Parcela con Referencia Catastral 15038A503003630000DW en base ó Proxecto de Execución redactado polo Arquitecto José Sar Rodríguez que consta no expediente.-

D) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 9 de Xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a BELA FISTERRA-HOSTAL, S.L., con CIF B70482286, e domicilio en na Avenida da Anchoa, 56 deste Termo Municipal, LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DUNHA EDIFICACIÓN PARA USO HOTELEIRO emprazada na citada Rúa con Licenza Urbanística outorgada por esta Xunta en sesión do día 2 de Marzo de 2017 na Parcela con Referencia Catastral 8625708MH7582N0001XH en base ó Proxecto de Execución redactado polos Arquitectos Juan Creus Andrade e Covadonga Carrasco López que consta no expediente.-

E) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 14/07/2020, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a Devolución da fianza por importe Cincocentos euros (500,00 €) imposta no seu día por parte de VANESA DOMÍNGUEZ CAAMAÑO, como consecuencia da Licenza urbanística outorgada para apertura de gabia coa reposición do firme e beirarrúa afectados nesa localidade.-

F) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar a Modificación introducida no Proxecto Básico e de Execución presentado por LETICIA MESÍAS SENLLE, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa e Planta Primeira, con piscina e conexión coa rede de saneamento e abastecemento de auga a emprazar nas parcelas con Referencias Catastrais 15038A502004400000DX, 15038A502020840000DT e 15038A502004410000DI redactados polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés visado con data 26 de Maio de 2020 que constan no expediente o que debера axustarse integramente e consistente en :

--Modificación, despois da realización dun novo levantamento topográfico, da superficie bruta e neta da parcela na que se ubica a edificación.

--Modificarase as dimensións do porche da vivenda, a efectos de adaptarse a nova parcela e o retranqueo mínimo esixido polo ordenanza.

-- Modificarase a ubicación da vivenda na parcela e se xira a ubicación da piscina.

Así mesmo debera axustarse a todas e cantas condicións foron impostas na licenza urbanística inicial outorgada .-

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil oitocentos setenta e seis euros (2.876,00 €) en concepto da diferenza correspondente ó Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (2,2%) resultante do novo Presuposto de execución material que ascende a 299.376,00 €.

3º.- Asuntos varios.-

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. B. M. P., veciño de Fisterra unha axuda polo importe de Corenta euros (40,00 €) para gastos de traslado a Muros para recoñecemento médico , ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a E. N. C., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Catrocentos cincuenta e sete euros con noventa e nove céntimos (457,99 €) para adquisición de electrodomésticos, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O pago da Factura resultante farase efectiva directamente á Empresa subministradora, unha vez sexan entregados os electrodomésticos no domicilio da beneficiaria.-

SERVIZO AXUDA NO FOGAR

Visto o Informe Favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Conceder á prestación do SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DE LIBRE CONCURRENCIA a favor de B. P. S., veciña de Fisterra coa finalidade de axudala no seu coidado persoal e para elaboración da comida durante Cinco Horas semanais (Luns a Venres) aplicando a taxa prevista na Ordenanza Fiscal reguladora polo importe de 1,20 € / hora.--

Padróns Fiscais ano 2020

A) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Subministro de Auga confeccionado para o ano 2020 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda :

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Cento oitenta e cinco mil seiscientos oito euros con trinta e nove céntimos (185.608,39 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido .-

2º.- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

B) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Saneamento e Depuración de Augas confeccionado para o ano 2020 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda :

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Cento vinte e cinco mil novecentos trinta e nove euros con noventa e tres céntimos (125.939,93 €).-

2º.- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

VENDA AMBULANTE

Visto o escrito presentado co numero 2020/000/00001260 (RE) de 16/07/2020 por Luís González Chavaud, no que solicita un posto na venda ambulante para dedicarse a venda de produtos de alimentación (churros).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lisa de espera da venda ambulante de alimentación deste concello co número 27 para dedicarse á venda de produtos de alimentación (churros).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

OCUPACIÓN DE VIA PUBLICA

A) Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00001082 (RE) de 29/06/2020, por CASTROMIL, S.A., con CIF: A-15.000.193 e domicilio na rúa Cotón de Arriba, 2 (Polígono Industrial A LOUZANETA) da localidade

de Lugo (C.P.: 27.297), no que solicita autorización para a ocupación de vía pública nunha superficie de 5,95 m² (2,44 x 2,44 mts) cunha caseta autorizada pola XGL de 22/11/2018, na parada de autobuses existente na rúa Federico Avila desta vila, coa finalidade de expedir os billetes de autobús, durante a tempada de 2020.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta o informe favorable de data 9/07/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que debe cumprir coas consideracións indicadas na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado por CASTROMIL, S.A., e autorizar a ocupación de 5,95 m² da vía pública na rúa Federico Avila, cunha caseta para a expedición de billetes de autobús, coas seguintes consideracións xerais e técnicas:

Consideracións xerais

- Optarase pola utilización de deseños sinxelos que non se impoñan aos espazos nos que se inclúen e que non afecten as características específicas que definen a identidade da contorna.
- Evitarase a utilización de mobiliario que imite deseños históricos, en especial cando estes non teñan relación co lugar no que se sitúan.
- Nos acabados evitanse as superficies brillantes ou pulidas e as cores intensas ou rechamantes.
- Na elección dos materiais que se van utilizar terase tamén en conta o seu comportamento á intemperie.
- As cores brancas e grises poden ser adecuadas na proximidade de conxuntos construídos.

Consideracións técnicas

- A caseta non terá en ningún caso carácter permanente, instalándose unicamente desde o 1 de abril ata o 31 de outubro. No caso de que se modifique a tempada na que se coloque, ou o deseño, emprazamento, materiais ou cores, será necesario achegar documentación escrita e gráfica da nova proposta para a súa autorización, se procede, por O.X., previamente a súa instalación.
- Non se atopan incidencias a sinalar respecto do emprazamento solicitado para a caseta e o conseguinte traslado do mobiliario urbano (banco e papeleira) para a localización proposta.
- O deseño achegado estimase axeitado, se ben deberá evitarse que a máquina exterior do aire acondicionado sexa visible desde a traza do

camiño, polo que se propón que se coloque ben na fachada traseira ou na lateral dereita da caseta.

- A carpintería exterior da fachada frontal será lacada en cor branca mate, de xeito que sexa homoxénea coa que xa existe no edificio anexo do núcleo de aseos. Respecto aos vidros, serán transparentes e non serán reflectores nin de cor.

- As fachadas laterais e posterior, que se entende están formadas por paneis sándwich de chapa de aceiro, serán lacadas en cores discretas, non rechamantes, da gama das brancas, gris medio, crema ou ocre clara, de xeito que harmonice coas construcións tradicionais da súa contorna, sempre cun acabado liso e mate, non texturado. Non se estiman axeitados os acabados texturados imitación a madeira, tanto para os laterais como para as carpinterías.

- Evitarase colocar elementos ou superficies de aceiro inoxidable brillante ou pulido, de xeito de evitar reflexos indesexables.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

B) Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00001127 (RE) de 1/07/2020, por Fernando Miguel López Velay, no que solicita autorización para a ocupación de vía pública nunha superficie de 15,05 m² (3,5 x 4,3 mts) con mesas e cadeiras, e como protección lateral un peche de madeira en cor natural, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a RESTAURANTE que rexenta nesa zona durante a tempada de 2020.

RESULTANDO: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta o informe favorable de data 14/05/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas por cada 4 m² (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 15 persoas ao que se adapta o solicitado.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda:**

1º) Acceder ao solicitado por Roberto Traba Velay, e autorizar a ocupación de 15,36 m2 da vía pública na rúa Real desta vila, con 4 mesas e 15 cadeiras, como proteccións laterais colocárase un peche de madeira cor natural. Poderanse colocar antucas ou parasois puntuais de quitar e poñer, facilmente desmontables, textiles, elixindo unha soa cor entre os tons brancos, beige, ocres, claras ou verdes, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2020 (ámbolos dous incluídos).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

APERTURAS TRANSMISION DE LICENZA

Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00001183 (RE) de 8/07/2020 por Jesús Castreje Durán, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar - restaurante” que se localiza na rúa Alcalde Fernández, 27 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 5/04/2018, a Comisión de Goberno concedíalle a Ramón Castreje Insua, licenza definitiva de apertura de “café bar - restaurante” que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 27 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Ramón Castreje Insua e por Jesús Castreje Durán.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á solicitude de transmisión de licenza e comunicación previa de inicio da actividade presentada por Jesús Castreje Durán, para o inicio da actividade de “café bar - restaurante” que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 27 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

SUBVENCION ENERXIA

Á vista do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía Baixa en consumo no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, e modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Aprobar a participación deste Concello no citado programa, aceptando de maneira expresa o procedemento regulado para esta mesma finalidade polos Reais Decretos anteriores.

2.- Aprobar a Memoria descriptiva para levar a cabo a Instalación Solar Fotovoltaica para a Estación Depuradora de residuos (E.D.A.R.) en Fisterra de data 14 de xullo de 2020 cun presuposto de execución polo importe de Sesenta e oito mil douscentos corenta e sete euros con corenta e catro céntimos (68.247,44 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido que consta no expediente.

2.- Solicitar do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital unha subvención polo importe de Cincuenta e catro mil cincocentos noventa e sete euros con setenta e nove céntimos (54.597,79 €) equivalente ó 80% do seu presuposto co obxecto de financiar a actuación antes referida.

3.- Compromiso firme de aportación municipal polo importe de Trece mil seiscentos corenta e nove euros con sesenta e cinco céntimos (13.649,65 €) con cargo ó presuposto Ordinario actualmente prorrogado para o ano 2020.

4.- Facultar ó Sr. Alcalde, como Representante desta Corporación, para que proceda á sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste Acordo”.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 13 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.